*Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándose nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estarrecedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto tendo en conta que Galiza somos unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa. As consecuencias desta decisión, que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, suporán tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.*

*A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto suporá un golpe en toda regra á nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.*

*Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe. Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.*

*A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país. Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG no Parlamento Galego, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”. E foi a mesma Conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.*

*Por parte do Goberno español, descoñécense as actuacións concretas desenvolvidas no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de que o Goberno español tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomásas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.*

*En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:*

*1. Instar a Xunta de Galiza a:*

*a. Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.*

*b. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.*

*c. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.*

*2. Instar ao Goberno español a:*

*a. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.*

*b. Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento>>>.*

A sra. Rodríguez Pena (BNG) xustifica a urxencia da moción, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 2 PSOE e 2 AV).

- Votos en contra: 0 (0 PP).

- Abstencións: Ningunha.



Intervén a sra. Rodríguez Pena (BNG) explicando a moción; tamén interveñen o sr. Blanco González (AV), o sr. Blanco Montero (PSOE), a sra. Salorio Poral (PP) e o sr. Fariña Andrade (SM).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Resultando aprobado por unanimidade dos concelleiros/as asistentes o seguinte **ACORDO**:

1. Instar a Xunta de Galiza a:

a. Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo

o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, decretada pola Comisión Europea.

b. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.

c. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.

2. Instar ao Goberno español a:

a. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.

b. Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental.

## **B.2.- Moción do grupo municipal de Sadamaioría en apoio ás traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**

Consta unha moción presentada polo grupo municipal de Sadamaioría (registro de entrada número 202299900003673, do 28/09/2022), que literalmente sinala:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*A finais do pasado ano publicábase a “Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.” Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións públicas, a dita Lei contempla dous supostos:*

- *Un proceso de estabilización para as prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente a lo menos nos tres anos anteriores ó 31 de decembro de 2020 ( art.2), cun sistema de selección de concurso-oposición.*
- *Un proceso de estabilización extraordinario de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de concurso.*

*Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022, motivo que xustifica a urxencia desta moción.*

*Deste xeito, a practica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas nas propias administracións.*

*O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados, do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos galegos, que concorreron inicialmente á súa formación, subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así como todos aqueles incorporados con posterioridade, a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por 285 concellos e 5 mancomunidades ( DOGA do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.*

*O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar converteuse nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90 %; unha temporalidade que afecta indiscutiblemente a mulleres, xa que, máis do 95% das máis de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres. Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualdade e*



---

#### *Benestar ou o Servizo de Xantar na casa.*

*A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan a máis de 1300 profesionais.*

*Nos borradores que se coñecen non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no traballo que veñen realizando durante tantos anos no Consorcio, con toda a súa especificidade e especialización ao respecto das mesmas categorías doutras administracións, que realizan unhas tarefas radicalmente distintas.*

*As profesionais do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar manteñen na actualidade unha folga que se estende durante os primeiros quince días de mes, entre setembro e decembro. Unha folga á que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, máis que demostrada neste últimos quince anos.*

*Reivindican tamén, que se valoren os diferentes cursos oficiais impartidos no plan de formación do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, cursos promovidos polo ente público, para realizar unha formación específica por parte das profesionais.*

*Por estes motivos, o grupo municipal de Sadamaioría, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Sada a adopción dos seguintes acordos:*

- Instar à Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.*
- Instar á Xunta de Galicia a que os criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos sexan acordos ao espírito da lei 20/2021.*
- Trasladar estes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva este grave problema con carácter inmediato>>.*

O sr. Fariña Andrade (SM) xustifica a urxencia da moción, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 5 PP, 1 BNG, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Interveñen a sra. Nogareda Marzoa (AV), a sra. Rodríguez Pena (BNG), o sr. Blanco Montero (PSOE) e a sra. Salorio Porral (PP).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 2 PSOE, 1 BNG, e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Ningunha.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos concelleiros/as asistentes o seguinte **ACORDO**:

- Instar à Xunta de Galicia a que a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.
- Instar á Xunta de Galicia a que os criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos sexan acordos ao espírito da lei 20/2021.
- Trasladar estes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva este grave problema con carácter inmediato.

#### **C.- Rogos e preguntas.**

1º) A sra. Nogareda Marzoa (AV) pon de manifesto o seu descontento co goberno actual do Concello, citando varias situacións, como son a corrección de erros do Plan Xeral, levado a pleno no mes de febreiro, dicindo que varios grupos políticos optaron por modificar puntualmente o PXOM, que rexeitou o Alcalde por dilatarse no tempo. Alega que se está falando dun acordo Plenario que se está a incumprir.

Continúa a sra. Nogareda Marzoa (AV) argumentando que no mesmo Pleno de febreiro, tratouse o simulacro de tráfico do río Maior, que di que tampouco respetou o acordo Plenario.



Comenta tamén a sra. Nogareda Marzoa (AV) que se lle denegou información a unha concelleira da Corporación; refírese tamén á petición de apertura de expediente informativo a un traballador do concello que formulou a voceira do PSOE, que o Alcalde negouse a abrir sen amparo de ningún informe técnico.

A continuación a sra. Nogareda Marzoa (AV) mostra o seu descontento co reparto das asignacións dos orzamentos a area de deportes, actividades educativas e voluntariado, e que, aínda de estar en desacordo, apoiounos por considerar dende Alternativa dos Veciños non paralizar a actividade do Concello. Continúa esta intervención comentando a modificación de crédito que levouse ó Pleno no mes de Xuño, e dicindo que os orzamentos eran unha proposta sen previsión e razoamento ningún. Comenta tamén que a Concelleira de Facenda envioulle un correo para aportarlle a previsión de gasto das áreas nas que gobernan, sen saber o motivo, pensando que sería para novos orzamentos. Continúa a súa intervención dicindo que sigue a espera das licitacións da realización de proxectos do Concello e de asesoría xurídica, así como promover a cobertura da praza de atención telefónica.

Comenta tamén a sra. Nogareda Marzoa (AV) o estado da pista de patinaxe, dicindo que se antes no valía para as competicións, agora non vale nin para adestramentos, e comentando que se perderon dúas oportunidades de organización de competicións, en abril e a pasada fin de semana; cita tamén a posesión dun informe xurídico, da primeira parte da reparación, non da segunda, que contempla as opcións de impoñerlle penalidades á empresa ou abrirollle un expediente en materia de persoal ó director de obra por non velar polos intereses do Concello.

Comenta tamén a sra. Nogareda Marzoa (AV) que non hai axilidade no asunto das subvencións, argumentando que sempre presenta a documentación a primeira e atópase que saen publicadas outras antes, poñendo o exemplo das de Cultura.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) tamén comenta a Moción do PP do CEIP Sada y sus Contornos, argumentando que se lle explicou como inviable, ata quen non se aprobase o plan especial de o Porto, que conta cun informe do arquitecto municipal dicindo que non e necesario, e que levan 3 anos de atraso pensando que no habería xeito de facelo, dicíndolle a sra. Nogareda Marzoa os pais e nais que habería que esperar. Aclara neste punto que a responsabilidade e política e non dos traballadores.

Finaliza a súa intervención a sra. Nogareda Marzoa (AV) preguntando sobre se menten eles, referíndose ó seu partido e sobre o anteriormente dito, ou mente o Alcalde. Pregunta á Corporación de forma retórica, concretamente fai referencia ó señor García Cotelo (PP) se lle apoiarían nunha moción.

Responde o sr. Alcalde referíndose que non hai intención de non cumprir os acordos plenarios expostos anteriormente pola sra. Nogareda Marzoa (AV), dicindo que hai atraso. Tamén di, en referencia o PXOM que a única saída e a modificación puntual porque non obtiveron a maioría, pero que a postura de Sadamaioría e a corrección de erros. Continúa o sr. Alcalde recoñecendo a comisión de erros, a vontade de mellorar, e que hai erros de xestión da concellería, referíndose a tramitación de subvencións deportivas.

A continuación prodúcese un debate entre o sr. Alcalde e a sra. Nogareda Marzoa (AV).

2º) Segue coa súa quenda a sra. Pardo Fafián (PSOE), que pregunta, remitíndose ó Pleno anterior, sobre o escrito do 4 de agosto con número de entrada 2947 no que se lle solicitaba por parte do xefe accidental da Policía Local un recoñecemento a varios axentes por un acto de servizo encomiable e a proposición para recibir o distintivo de permanencia ós axentes que cumbran 25 ou máis anos de servizo e por qué non se lle achegou ós membros da corporación dito escrito.

Responde a sra. Taibo Fernández (SM) preguntando ó grupo municipal do PSOE sobre o modo de coñecemento da existencia do devandito escrito, e o seu contido, cando dito escrito non foi distribuído ata o día 26. Alude tamén a que a solicitude foi presentada de xeito presencial, incumprindo a instrución de secretaría sobre a lei 39/2015. Continúa a sra. Taibo Fernández (SM), referíndose ó decreto 243/2008 que desenvolve a lei 4/2007, e mesmo nas instrucións que manda a Dirección Xeral de Emerxencias, dicindo que as solicitudes deben de facerse antes de día 15 de cada mes natural. Relativo ás felicitacións, escrito do día 31 de xullo. responde que



non queda acreditado o relato no escrito do oficial, e asemella desmedido que se aproveite un período de 18 días para recoñecerse méritos sen ter comunicado nada ó respecto ós seus superiores.

Continúa preguntando a sra Pardo Fafián (PSOE) sobre a razón do non achegamento por canle oficial do escrito citado no parágrafo anterior. Prodúcese un debate coa sra Mouriño Neira (SM) ao dirixir tamén a pregunta a concelleira de transparencia.

Pregunta a sra Pardo Fafián (PSOE) á sra Taibo Fernández (SM) se segue sen querer aclarar sobre a responsabilidade de que nin o SEM e a Policía Local, nas festas de Mosteirón, tivesen asinado servizo, cando foi solicitado pola Comisión de festas, e que baixo a orde da sra Taibo Fernández non actuaran por ter contratado unha empresa externa.

Responde a sra. Taibo Fernández (SM) que se remite ó dito.

Pregunta a sra. Pardo Fafián (PSOE) sobre o inicio do expediente de execución subsidiaria en Riovao aludindo ó que dixo o sr. Alcalde no anterior Pleno. Comenta que solicitou acceso os expedientes completos hai máis de un mes, e logo de dúas solicitudes e de un persoamento en dependencias municipais, o pasado martes déuselle acceso a extractos da información *coma se de un ciruxán se tratase*, e comenta que hoxe o grupo municipal do PSOE recibiu unha notificación á que aínda non accederon. Remata preguntando se ten o permiso da Deputación e cando vai iniciar a obra.

Responde o sr. Alcalde que chegou no día de onte o permiso da Deputación, e que por indicación da Secretaria foi falar coa Tesoureira do Concello para ver a situación do aval despois de varias fusións, e comunica que non tivo a oportunidade de falar coa Tesoureira.

Pregunta a sra. Pardo Fafián á sra. Rúa Prieto (SM) sobre se houbo avances nos expedientes de denuncia de reheos sen a oportuna licenza municipal de O Tarabelo e Lácere.

Responde a sra Rúa Prieto (SM) que se derivaron ós servizos técnicos e di que non sabe se se avanzou porque hai moita carga de traballo.

Remata a súa quenda a sra. Pardo Fafián (PSOE) preguntando sobre a situación dun auxiliar de policía, do que fai días o grupo municipal do PSOE pediu escrito sobre se está a realizar as súas funcións e coa uniformidade regulamentaria para a súa categoría profesional e as súas funcións, facendo remisión ó dito polo sr. Alcalde no Pleno ordinario de xaneiro do presente ano, concretamente refírese ó minuto 28, e sobre si minte o sr. Alcalde polo dito no Pleno de Xaneiro ou minte o xefe accidental no seu informe que di que o auxiliar vai sempre acompañado por un funcionario de policía realizando as funcións de auxiliar.

Responde o sr. Alcalde que o 12 de outubro dábase a circunstancia de que non se producía o acompañamento do auxiliar por parte dun funcionario da policía, pero por outra parte nunca queda a día de hoxe sen acompañar por un funcionario de policía, e comenta que a sra. Pardo Fafián (PSOE) dubidou da súa autoridade nun Pleno.

Pregúntalle o sr. Alcalde á sra Pardo Fafián (PSOE), baseándose no informe do actual xefe accidental da Policía Local, e na condición do desenvolvemento da súa profesión como funcionaria, se non lle sorprende que o informe do outro oficial, en lugar de basear o seu informe en feitos comprobados por el mesmo, fai o seu informe baseándose nas testemuñas dos compañeiros.

Responde a sra. Pardo Fafián (PSOE) que lle sorprende que o sr. Alcalde dera a orde de informarlle, e que os informes moitas veces fanse por investigacións.

Prodúcese un debate no que tamén intervén a sra Nogareda Marzoa (AV).

3º) Quenda para a sra. Salorio Poral (PP), que alude ó tema tratado pola sra. Nogareda Marzoa (AV), sobre os erros na obra de reparación da pista de patinaxe de Cantalarrana, sinalando que Sada Patín tivo que depender do concello de Oleiros. Alude o informe de secretaría do 3/09/2021, dicindo que os traballos executáronse nos meses de setembro e outubro do ano 2021 e aínda non finalizaron. Comenta que se perdeu unha subvención de 30.000 € por incumprimento de prazos; cita a existencia dun segundo informe de secretaría sobre o





incumprimento contractual. Pregunta a quen corresponde o inicio do expediente de penalidades ó que alude o segundo informe de secretaría.

Responde o Sr. Alcalde que lle corresponde a el. Procede a aclararlle que o crédito está retido e hai un proxecto con todas as deficiencias que se detectaron na contratación do ano 2021.

Intervén a sra. Nogareda Marzoa (AV) por alusións.

Continúa preguntando a sra. Salorio Porral (PP) sobre se iniciouse o expediente de resolución do contrato.

Responde o sr. Alcalde que se iniciou en decembro do ano pasado.

Pregunta a sra Salorio Porral (PP) se se valoraron os danos causados á pista.

O Sr. Alcalde contesta que non pode precisar; intervén a sra Nogareda Marzoa (AV) dicindo que non que conste nun informe.

Continúa preguntando a sra. Salorio Porral (PP) sobre como e posible que a devandita obra se contratase como contrato menor por 24.500 € cando o proxecto inicial contaba con 43.600€ e agora se dispoña dun proxecto para corrixir os erros por importe de 65.554,27€ e que agora si aparece a necesidade do proxecto que antes parecía que non aparecía e que ademáis o novo proxecto o fixo a enxeñeira municipal de Oleiros. Pregunta se a nova cantidade e a resultante de sumar os danos das dúas obras anteriores máis os 30.000€ da subvención perdida.

Responde o sr. Alcalde que a valoración do proxecto redactado pola enxeñeira de Oleiros e 65.000€, que practicamente a metade correspondería a capa de aglomerado e a outra metade corresponde o *Composán*.

Intervén a sra Nogareda Marzoa (AV) dicindo que o tema do engadido ven dado por ser menos agresivo, valorado pola enxeñeira, para as caídas dos patinadores, tendo máis seguridade á pista, cousa que non se contemplara na memoria inicial.

A continuación prodúcese un debate entre o sr. Alcalde e a sra. Nogareda Marzoa (AV).

Remata a súa quenda a sra. Salorio Porral (PP) preguntando sobre se se reclamará a cantidade ó contratista e ó director de obra.

O sr. Alcalde responde que xa se determinará; intervén a sra. Nogareda Marzoa (AV).

4º) Solicita a palabra para explicar o asunto tratado anteriormente sobre a uniformidade do auxiliar de policía, aclarando o que di un informe, que, literalmente cita dicindo que “ o axente non porta galoneras distintivas da policía local“ e di que a uniformidade co distintivo de auxiliar está xa encargada ó provedor de vestiario e que leva no peito un emblema no que figura o seu número profesional de auxiliar.

5º) O sr. Tellado Villares (PP) ten un rogo no que di que no último “Outlet” que houbo de comercio cobróuselle unha taxa de ocupación, e na última feira modernista e na feira mariñeira non se lle cobrou, e que promoción económica o teña en conta.

Intervén a sra. Rodríguez Pena (BNG) dicindo que aplicouse á ordenanza nº 16, que se atopa en vigor.

6º) Prodúcese un debate entre sra. García Freire (PP), a sra Nogareda Marzoa (PSOE) e a sra Pardo Fafián (PSOE).

A sra. García Freire (PP) roga sobre o estado dunha fonte, aportando imaxes, diante dos pantalanos, e que pasen a arranxala canto antes.

Continúa con outro rogo a sra. García Freire (PP) dos veciños de Meirás, aportando imaxes sobre o levantamento dunha marquesiña na estrada en dirección a A Coruña.

Continúa con outro rogo a sra García Freire (PP) sobre queixas dos veciños de que a iluminación dos pasos de cebra do porto é escasa, preto do peirao 33.

Continúa rogando a sra. Garcia Freire (PP) que hai canles da televisión que non se ven, na zona da Igrexa Nova.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2022/G010/000013

Intervén a sra. Mouriño Neira (SM) dicindo que teñen que chamar a un número de teléfono subvencionado debido a que a rede 5G fai interferencias coa TDT e que é preciso a instalación dun filtro para cada casa .

7º) Intervén a sra. Salorio Porral (PP) sobre o tema do colector de pluviais de Sada y sus Contornos, facendo referencia ó segundo informe de secretaría citado anteriormente, preguntando se estas conclusións son aplicables a obra do colector de pluviais de Sada y sus contornos.

O sr. Alcalde responde que si, e que o interventor no día de hoxe fixo un informe ó respecto.

Pregunta a sra. Salorio Porral (PP) a quen corresponde o inicio do expediente.

O sr. Alcalde di que lle corresponde.

Continúa preguntando a sra. Salorio Porral (PP) se se iniciou o devandito expediente.

O sr. Alcalde responde que non debido a que necesitan todos os informes.

Pregunta a sra. Salorio Porral (PP) se se valoraron os danos causados.

O sr. Alcalde responde que valoráronse as deficiencias, non os danos.

#### **6º.- RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRO DE D. ALBERTO MANUEL GARCÍA COTELO (PP).**

Ponse en coñecemento do plenario a renuncia do concelleiro D. Alberto Manuel García Cotelo, do grupo municipal do Partido Popular (PP), quedando enterados os sres. Concelleiros.

Interveñen a sra. Nogareda Marzoa (AV), a sra. Rodríguez Pena (BNG), a sra. Pardo Fafián (PSOE), o sr. Fariña Andrade (SM), o sr Alcalde e a sra. Salorio Porral (PP).

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 55 minutos do día xoves 29 de setembro do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).